



MEMORIA DECLARACIÓN

Artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 do xaneiro, de transparencia e bo goberno.

CONVENIO ENTRE O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR E O CONCELLO DE CHANTADA PARA O FINANCIAMENTO DA REFORMA DA COCIÑA E DA LAVANDERÍA DA ESCOLA INFANTIL DO CONCELLO DE CHANTADA

O xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar

DECLARA:

Que este Consorcio ten previsto formalizar co Concello de Chantada o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde a data de inicio de vixencia do convenio ata o 31 de decembro de 2025.

Que o instrumento convenial ten por obxecto:

Establecer as bases de colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Chantada para o financiamento para o financiamento da reforma da cociña e da lavandería da Escola Infantil do Concello de Chantada, situada Parque Antigo Campo da Feira deste concello, co fin de prestar unha mellor atención aos nenos e nenas de 0 a 3 anos que fan uso deste servizo, na devandita escola infantil integrada na rede de escolas infantís xestionadas polo Consorcio.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

O Concello de Chantada, adherido ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar por medio do convenio asinado 10.10.2007, cedeu o uso do inmovible dedicado a Escola Infantil situado no Parque Antigo Campo da Feira, no Concello de





Chantada, que se formalizou coa subscripción do convenio asinado o 17.12.2008, asumindo en tal data o Consorcio a xestión deste equipamento no exercicio das competencias previstas estatutariamente.

Co fin de adaptar as dependencias existentes ás exixencias e necesidades requiridas para a preparación da alimentación dos cativos dentro das propias instalacións, resulta necesario acometer as reformas necesarias para tal fin na cociña e na lavandería da referida escola infantil, o que permitirá substituír o servizo de cátering por un servizo de cociña na propia escola. Para tal fin, o Concello de Chantada solicitou a colaboración do Consorcio para o financiamento destas actuacións, segundo se concreta na solicitude presentada polo Concello de Chantada que se achega a este expediente xunto coa memoria xustificativa.

Tendo en conta que o concello non dispón dos medios económicos necesarios para a realización das devanditas actuacións de reforma no inmovible destinado a Escola Infantil, cómpre desenvolver a colaboración interadministrativa necesaria para o financiamento destas actuacións, que permitirán substituír o servizo de cátering por un servizo de cociña na propia escola, posibilitando en consecuencia unha mellor calidade na atención que se presta nesta escola infantil, integrada na rede de escolas infantís xestionadas polo Consorcio.

Por todo o exposto, existe un evidente interese público de colaborar no desenvolvemento das actuacións descritas, considerando o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar que a necesidade destas actuacións e o interese común de resolver os problemas detectados neste servizo, posibilitando unha mellor atención aos nenos e nenas que son usuarias deste, xustifica a utilización do instrumento convencional para o financiamento das actuacións descritas, baseándose no disposto nos artigos 19.4 e 26º.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.





O convenio de colaboración terá data de vixencia dende a data da súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2025, sen prexuízo de que as actuacións obxecto de financiamento do convenio sexan as executadas a partir do 1 de xaneiro de 2025. Neste sentido, a extensión da posibilidade de financiamento ao abeiro do convenio das actuacións executadas a partir do 1 de xaneiro de 2025, considérase axeitada e fundamentada legalmente, segundo o disposto no artigo 39 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas que establece *"excepcionalmente poderá outorgarse eficacia retroactiva aos actos cando se diten en substitución de actos anulados, así com cando produzan efectos favorables para o interesado, sempre que os supostos de feito necesarios existiran na data á que se retrotraia a eficacia do acto e esta non lesione dereitos ou intereses lexítimos doutras persoas"*.

O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar achegará ao Concello de Chantada para a realización das actuacións descritas un importe máximo de 47.804,68 euros, con cargo á partida 08.90 312B 760.00 dos orzamentos do Consorcio para o ano 2025.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.





O xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar

Perfecto Rodríguez Muíños

